







# XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

# EDITOR 2



➤ En 1964 funda **Ediciones Castrelos** coa colección **"Cuadernos de arte gallego"** (12 números entre 1965 e 1968)

Monografías que daban a coñecer o patrimonio artístico e histórico de Galicia.




➤ A partir de 1967 Ediciones Castrelos sofre un xiro na súa liña editorial, coa intención de facer tiraxes más asequibles cás da Editorial Monterrey e ofrecer obras en galego de temática variada destinadas a un amplio sector de público.

➤ A tal fin, saen as **coleccións**:

**"O Moucho":**

libros de peto de prezo moi económico e inicialmente de tendencia popular, aínda que posteriormente tiveron cabida autores coma Ferrín con *Retorno a Tagen Ata*.

- Acolleu desde escolmas e compilacións de literatura popular, ata obras súas, pasando por textos inéditos e traducións ó galego
- O éxito máis destacado xa foi o primeiro número da colección: *O catecismo do labrego* de Lamas Carbajal (o tío Marcos da Portela).



**"Pombal":**

con publicacións variadas, sendo a maioría delas literarias. Dentro destas, podemos encontrar:

- Títulos clásicos de Pondal, Curros e Rosalía de Castro. De feito, un dos títulos de más sona que sacou esta colección foi *Follas Novas*. Tamén obras de Castelao e Alonso Ríos.
- Obras de autores que escribían no momento correspondentes a distintas xeracións, desde Celso Emilio Ferreiro ata Martínez Oca
- Traducións de Sófocles e de Homero.
- Tamén sacaron guías, planos de cidades, ensaios e mesmo adhesivos de concienciación lingüística con lendas como "Falemos galego"
- Tamén se atreveu con **coleccións de poesía**: "Pico Sacro" que sacou á luz dous únicos títulos e "Mogor", posterior á primeira, que deu a coñecer autores novos como Manuel Janeiro, Victor Vaqueiro ou o seu propio fillo: Xosé María Álvarez Cáccamo
- Véndelle a Galaxia os fondos da editorial en 1979.

Ediciones Castrelos conseguiu por primeira vez para a literatura galega edicións de ata cinco mil exemplares, éxito derivado dunha estrutura de distribución para as coleccións O Moucho e Pombal que abarcaba librerías pero tamén ultramarinos, ferraxarías, estancos...

Tamén distribuíu de forma clandestina obras publicadas na Arxentina e prohibidas no noso país, coma Sempre en Galiza de Castelao, que se agochaban nun fondo falso dun cuarto de baño. Isto provocoulles algún que outro susto.

